

que diga o presidente da SEPI, pode preocuparme; pero nós temos un obxectivo de tirar polo país, e por enriba de Rosa Miguélez, digo eu, estará o presidente do Goberno galego, que hoxe dixo o que dixo aquí. Que amais é secretario xeral seica dun partido. Entón cada un que tire e amaíe o que teña que amañar na súa casa, que en ámbalas dúas casas igual hai cousas que amañar. Pero a min interésame o proxecto. (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) A nosa témola bastante ben arranxada neste tema. Neste tema témola ben arranxada, señor Pose Mesura, ben arranxada. Pero ¡claro! eu comprendo que usted, un político vello, non perde oportunidade de mesturar. Pero neste tema, señor Pose Mesura, pasamos a proba do algodón. A ver, estou disposto a pasarlle o algodón noutros sitios se queren. A ver qué sae.

Nós témolo dito varias veces. Fene é un asteleiro, con infraestrutura de asteleiro, non é un parque industrial. Para facer un parque industrial non fai falta nin a SEPI nin o Estado. Nin a SEPI ni o Estado, e se hai proxectos industriais, benvidos sexan, que os queremos para Ferrolterra, como supoño que queren outros para as súas comarcas. Falta fan nunha nación coma a nosa, que ten esa febleza industrial. Pero parques industriais pódense facer. Non misturemos un tema con outro.

E voume posicionar xa sobre as emendas, polo tempo, porque, se non, a señora presidenta vaime chamar a atención e non quero agriar o debate. Hoxe a este Parlamento tócalle seguir sumando a labor feita nas anteriores seis PNL, seguir [...] de apoio á Consellería de Innovación e Industria e apoio ao Goberno galego a que abra as portas para que poidamos seguir [...] e negociar eso. E nese aporte que debe facer hoxe o Parlamento galego, xa hai acordo, xa o traballamos, ¡para que negalo!, xa o traballamos, hai acordo.

Punto primeiro, efectivamente a proposición non de lei que presenta, a resolución que presenta o BNG, basicamente desafectar pola SEPI activos para dedicalos a construción naval civil, non para un parque empresarial, construción naval civil, para un estaleiro, que é o que nós vimos defendendo. Efectivamente, compartimos que hai que seguir mantendo e defendendo plena carga de traballo para Navantía, para o que queda de Navantía, o defendemos, compartímolo, que debe..., que a Sepi ten unha obriga asinada con quen asinou —e son responsables os que asinaron— de presentar un plano industrial. Que o presenten. Desde o 16 de

decembro de 2004, aínda a día de hoxe non o presentou. Que o presente. E por se quedan dúbidas, porque aquí mistúrase todo nos debates, se os traballadores e traballadoras que están en Navantía-Fene cren que lles pode afectar, decláramos formalmente na resolución que, se hai algún cambio, eles poden [...] a seguir no sector público, porque nós cremos que o proxecto que hai presentado suma, non compite co [...], suma; e os traballadores e traballadoras de Navantía-Fene poden seguir no sector público.

E por último, instar a SEPI, por moito que diga o seu presidente ou quen estea aí, que a min dáme igual, instar a SEPI a que deseñe novos proxectos [...] comarca de Ferrolterra xunto coa Xunta de Galicia.

Máis nada, creo que este é un aporte, un grao máis no que nós podemos facer nas nosas competencias, para sumar un proxecto importante do conselleiro de Innovación e Industria e o proxecto asumido polo Goberno galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Blanco Parga.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Modesta Riobó Dios, sobre implantación dun servizo de asistencia persoal e asistencia tecnolóxica para persoas con diversidade funcional

A señora PRESIDENTA: Pasamos agora ao debate da proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, sobre implantación dun servizo de asistencia persoal e asistencia tecnolóxica para as persoas con diversidade funcional.

A esta proposición non de lei se lle presentou a emenda documento 17448 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(*O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez Arias ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 07/PNP-0250 (15509), sobre a implantación dun servizo de asistencia persoal e*

asistencia tecnolóxica para persoas con diversidade funcional.

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Débase modificar o Punto Primeiro, polo texto que segue a continuación:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1. Axilizar os mecanismos necesarios para a inmediata posta en marcha dun servizo de asistencia persoal e asistencia tecnolóxica para as persoas con diversidade funcional en Galicia, para facer efectivo un dereito recollido na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas con Dependencia.)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Riobó Dios polo Bloque Nacionalista Galego.

A señora RIOBÓ DIOS: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados, quero tamén agradecer e saudar as persoas que nos siguen hoxe dende o público e darlles a nosa máis cordial benvida. Bos días a todas e a todos.

É fácil que todas e todos comprobemos como, a pesar da medidas e das leis que se promulgaron ao longo dos últimos anos, medidas e leis que pretenden ser a garantía para que as persoas con discapacidade ou diversidade funcional poidan vivir con plenitude de dereitos e poidan participar da sociedade en igualdade de condicións, resulte evidente que aínda hoxe na nosa sociedade prevalecen as desigualdades. Esta proposición non de lei pretende un acordo básico para a normalización, para a integración social e a vida independente das persoas con diversidade funcional que precisan asistencia persoal. Unha asistencia persoal para o seu pleno desenvolvemento, para a súa integración e participación, tanto na vida laboral como na vida social, cívica e política, con dereitos plenos que tanto a Constitución como Estatuto recoñecen a todos os cidadáns.

A Lei de igualdade de oportunidades e non discriminación e accesibilidade universal das persoas con diversidade

funcional ten por obxecto establecer medidas para garantir e facer efectivo o dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade. A estes efectos enténdese por igualdade de oportunidades a ausencia de discriminación directa ou indirecta que teña a súa causa nunha discapacidade, así tamén como a adopción de medidas de acción positiva orientadas a evitar ou compensar as desventaxas dunha persoa con discapacidade para participar plenamente na sociedade. Esta lei inspírase nos principios da vida independente, normalización, accesibilidade universal, deseño para todos, diálogo social e transversalidade das políticas en materia de discapacidade. A estes efectos tamén enténdese por vida independente a situación na que a persoa con diversidade funcional exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade. A lei expresa o dereito a unha participación máis activa de persoas con limitacións funcionais severas na comunidade sobre unhas bases novas, como cidadáns titulares de dereitos, suxeitos activos que exercen o dereito a tomar decisións sobre a súa propia existencia e non meros pacientes ou beneficiarios de decisións alleas, como persoas que teñen especiais dificultades para satisfacer unhas necesidades que son normais máis que persoas especiais con necesidades diferentes ao resto dos seus concidadáns.

Tamén a nosa comunidade ten establecido a través do seu Estatuto o deber de que os poderes públicos promovan as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, suprimindo aqueles atrancos que impiden ou obstaculizan a súa plenitude, e facilitando a súa participación na vida política, económica, cultural e social; correspondendo á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

O tratamento das necesidades das persoas en situación de dependencia vén sendo desenvolvido dende os ámbitos autonómico e local polos servizos sociais e de saúde, concretándose nun espazo sociosanitario no cal participa a Administración xeral do Estado e no que a Comunidade Autónoma dispón de nivel competencial suficiente como para mellorar o catálogo de servizos existente.

A pesar de todas estas medidas, a política social desenvolvida ata agora non foi deseñada por quenes dependen vitalmente dese deseño de medidas para cubrir as súas necesi-

sidades e, polo tanto, tampouco dou unha resposta axeitada ás demandas que plantexaron. Para que a persoa con necesidade de apoio poida desenvolver unha vida plena en igualdade de oportunidades dentro da súa comunidade deberá dispoñer da posibilidade de participación na autoxestión da atención e dos recursos que precisan. Era frecuente atopar programas públicos e prácticas con forte impronta paternalista e asistencialista cuxas consecuencias dan lugar a que as persoas con diversidade funcional sexan máis dependentes que independentes. É tempo de superar a concepción da persoa con diversidade funcional como un obxecto pasivo, simple receptor de cuidados e de decisións de instancias alleas, proporcionándolle capacidade real para elixir e xestionar sobre as súas necesidades de apoios dentro dun catálogo de asistenciais amplo e flexible que lles posibiliten a práctica da cidadanía acorde ao seu plan de vida en desenvolvemento da súa liberdade individual. É necesario aprobar medidas para asegurar a efectividade e a estabilidade dos apoios necesarios para superar aqueles obstáculos e factores de discriminación e exclusión que lles impiden a súa plena participación e unha vida independente.

Esta proposición non de lei pretende impulsar unha medida que veñen demandando dende hai tempo colectivos de persoas con diversidade funcional que se rexen baixo os principios de actuación do modelo de vida independente. Un dos medios para favorecer a participación plena e a vida independente das persoas con diversidade funcional conforme ao seu plan de vida elixido é a posta en marcha dun servizo de asistencia persoal e dos dispositivos tecnolóxicos precisos co obxectivo de proporcionar unha asistencia suficiente para desenvolver o plan de vida individual de forma autoxestionada e que lles posibiliten permanecer no domicilio ou non entorno social elixidos e poder desenvolver unha vida independente de acordo coas súas posibilidades. O asistente persoal é a persoa que asiste a outra para o desenvolvemento na súa vida diaria, para o que realiza ou axuda a realizar tarefas da vida diaria da outra persoa, que pola súa situación de dependencia non pode realizar por si mesma.

A Lei de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, que proximamente entrará en vigor, nace, como todas e todos sabemos, co reto de atender as necesidades que aquelas persoas que por atoparse en situación de especial vulnerabilidade requiren apoios para desenvolver as actividades da vida diaria, alcan-

zar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos de cidadanía. Esta lei, no seu artigo 19, refírese á prestación económica de asistencia persoal, que ten como finalidade a promoción da autonomía das persoas con grave dependencia. O seu obxectivo é contribuír á contratación de asistencia persoal durante un número de horas, que facilite ao beneficiario o acceso á educación e ao traballo así como unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas da vida diaria. A súa implantación será progresiva e tendo en conta o calendario de efectividade do dereito ás prestacións de dependencia abarcará un período transitorio ata o ano 2015; polo tanto, nós consideramos e pensamos que traballar nesta dirección, poñendo en marcha na nosa comunidade un programa piloto que permita poñer en funcionamento un servizo de asistencia persoal galego vai reflectir con claridade a vontade da implantación dos dereitos derivados da lei en Galiza; unha experiencia que poderá permitir sacar as conclusións para a súa posterior implantación xeneralizada no noso país, un programa de asistencia persoal elaborado e deseñado coa participación do movemento asociativo implicado, como un recurso que vai favorecer ir superando eses atrancos que impiden a igualdade de oportunidades na nosa sociedade. Un recurso baseado no desexo e o dereito das persoas con diversidade funcional de participar no control da súa propia vida e de vivirla coa dignidade que leva consigo estar en igualdade de oportunidades co resto da cidadanía.

Estes son os motivos, señorías, polos que o Bloque Nacionalista Galego presenta esta proposición non de lei na que se insta a Xunta de Galiza a crear ese programa piloto neste ano, que permita implantar un servizo de asistencia persoal e asistencia tecnolóxica de xeito progresivo ás persoas con diversidade funcional de ámbito nacional galego, iniciar o proceso coa participación dos colectivos implicados e habilitar as partidas necesarias para levar a cabo este proxecto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Riobó.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Señora presidenta e señores deputados, súpome, como facía a miña compañeira, aos

saúdos a todas as persoas que hoxe nos acompañan e que forman parte dun importante movemento asociativo que ten dado importantes pasos, pasos definitivos, ao longo dos últimos anos –ao longo de moitos anos, pero sobre todo dos últimos anos– para a consecución de melloras na vida, nos servizos, nos equipamentos con diversidade funcional. É bo que sirva esta sesión parlamentaria como agradecemento, como unha homenaxe a aqueles que dende as asociacións de afectados, de familias, as asociacións de persoas con discapacidade, lograron facer, poñer moitos fitos no camiño da mellora destas persoas, da mellora da vida destas familias; o último dos fitos, como decía a señora Riobó, nas melloras substanciais que se recolleron na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia.

Se me permiten, quero agradecer dun xeito singular a aquelas persoas agrupadas en torno aos movementos de vida independente, que teñen avanzado moito tamén na propia concepción da diversidade funcional, dos servizos para as persoas con diversidade funcional, e no que é na perspectiva da creación dunha..., ou de seres capaces de dotar de cidadanía plena, como xa se ten dito hoxe nesa tribuna, a esas persoas con diversidade funcional. Porque estos movementos de vida independente, que non son de hoxe pero que xa fai uns anos que chegaron ao noso país, pero que teñen un percorrido de case 40 anos, porque escomenzaron alá pola década dos 60 do anterior século en norteamérica, fixeron un plantexamento, de inicio certamente rupturista, pero que hoxe está perfectamente asimilado polo conxunto das entidades que traballan no eido das persoas con diversidade funcional, un plantexamento que substituíu a un modelo asistencial, un modelo médico, somentes médico, no que a persoa con diversidade funcional era un paciente, logo un receptor de unha diagnose, duns servizos, dunhas melloras, por outro modelo que leva a estas persoas con diversidade funcional a ser cidadáns plenos, activos, que toman as súas propias determinacións, que toman as súas propias solucións e que queren participar dun xeito activo non somentes na súa vida senón no deseño dos servizos, dos equipamentos, das políticas das que son receptoras. As persoas con diversidade funcional son persoas capaces, capaces de dirixir a súa vida, de orientar a súa formación, de dirixir o seu traballo, de dirixir tamén a atención que precisan, de desenrolar o seu proxecto vital no seu entorno, no seu entorno e no da súa familia, capaces de formarse, de traballar e de vivir con dignidade.

Hoxe hai unha nova xeración de persoas con diversidade funcional, unha xeración de cidadáns de pleno dereito. Esiximos ser capaces de tomar as nosas decisións, de asumir as nosas responsabilidades. Así fala nun dos seus artigos Adolf Ratzka, o director do Instituto de Vida Independente de Estocolmo, que é unha desas experiencias que teñen aportado un importante valor engadido en canto á orientación dos servizos para as persoas con diversidade funcional, de servizos de asistencia persoal e de asistencia tecnolóxica, como o que hoxe nos propón a compañeira Modesta Riobó. Estamos, en definitiva, diante dun novo camiño, como digo, diante tamén con un movemento asociativo maduro xa, con moito traballado, con moito loitado, con moitos servizos postos en pé, en toda España, pero tamén en Galicia, e podemos ir cara a unha nova concepción de persoas capaces, libres, independentes, que sexan quen de orientar, mesmo de asumir, a xestión e a distribución dos servizos que están vinculados a esas persoas e ás súas familias.

Fanse propostas de atención ás persoas no marco tamén dun novo tempo para a política social en España. Como decía a señora Riobó, vimos de aprobar esa lei de promoción de autonomía persoal e de atención ás persoas con dependencia. Novamente quérome referir ao agradecemento, á débeda que todos e todas temos co movemento asociativo, coas persoas con diversidade funcional, polas melloras que teñen aportado a esta lei, nomeadamente con ese programa de asistencia persoal, con esa posibilidade de asistencia persoal, que sen dúbida xurdiu deste movemento asociativo, destas persoas afectadas e que hoxe é xa unha realidade nesa Lei de promoción de autonomía persoal e de atención ás persoas con dependencia que agora temos que pór en pé ao longo destes oito anos.

Dunha fonda importancia resultaron as aportacións de todo movemento asociativo, tamén do Foro de Vida Independente, para esta lei que suporá a posta en pé dun novo eixe do estado do benestar e dunha mellora da calidade de vida da cidadanía española.

A inclusión, como digo, desa asistencia persoal marcou un punto e á parte non só nos servizos, nas prestacións que recolle esta lei, penso que no espírito mesmo que esta lei nos trouxo a todos, na forma de ver e de abarcar esta lei, que nos permitiu a todos os que estivemos traballando nela, aínda

que sexa dunha forma ben modesta, como é a persoa que lles fala...

Os modelos de asistencia persoal dos que nos ten falado a señora Riobó non son modelos novos, teñen un longo percorrido. Aló polo inicio dos anos oitenta, por exemplo, no Reino Unido apenas 300 persoas escomenzaban nun proxecto piloto. Hoxe en día son máis de oitocentas mil persoas, nomeadamente na zona de Inglaterra, polas súas características demográficas e topográficas incluso, as que disfrutaban desa asistencia persoal, 16.000 delas disfrutaban ademais dese pago directo para esa asistencia persoal a traveso dese fondo específico que facilita ás persoas con diversidade funcional a asistencia persoal controlada pola propia persoa usuaria. En Suecia –faláballes antes polas verbas de Adolf Ratzka–, os potentes modelos de cooperativas permiten ás persoas con diversidade funcional dirixir estas empresas, crear emprego, controlar a calidade, a eficacia e a eficiencia destes servizos; en definitiva, controlar a súa vida, as súas necesidades.

Teríamos hoxe que falar si ese modelo é válido para Galicia. Parece que para este territorio non sómentes é válido senón é de moito interés. Permítenos a atención dun xeito persoal no propio entorno da persoa; polo tanto, evita a institucionalización de todas as persoas con diversidade funcional e de aquelas persoas que prefiren manter a súa independencia e manter a súa vida e autonomía no seu propio entorno. Permite mesmo iso que chamamos a fixación da poboación e do que temos falado moito neste Parlamento; así que incluso en termos demográficos ten interés porque permite que as persoas se manteñan no seu territorio, nomeadamente no ámbito rural. Posibilita a creación de emprego, dun emprego de calidade en todos os territorios, no interior e na costa, aló donde haxa esta necesidade, aló donde haxa persoas con diversidade funcional. Permite aos cidadáns e cidadás que teñan esa necesidade, que teñan unha diversidade funcional, manter o control da súa propia vida, manter a súa capacidade de elección, co que isto ten de mellora da calidade de vida e de mellora da cidadanía. Abarata os custes porque non teremos que crear equipamentos e servizos aló donde non haxa ratio suficiente nin trasladar as persoas, senón que é unha asistencia e unha posibilidade de atención persoal sen, como digo..., con criterio de abarate de custes mesmo.

Esperamos, pois, que esta proposición non de lei cristalice nese proxecto piloto do Goberno galego, esperamos que

esa experiencia piloto se alongue no tempo e teña a cuantificación suficiente para permitir unha avaliación e un percorrido bo. Precisarase seguramente dotar dunha formación adecuada mesmo ás persoas usuarias, ás persoas con diversidade funcional, para o seu propio empoderamento, para que sexan capaces de orientar e de dirixir a súa propia atención. Será necesaria, sen dúbida, unha formación a aquelas persoas que vaian a traballar como asistentes persoais e será incluso posible –nun futuro esperamos que non moi lonxano– que teñamos experiencias como esas de Suecia ou de Inglaterra, con cooperativas nas que as propias persoas con diversidade funcional sexan quen de pór en pé a súa asistencia persoalizada, de dirixila, de evaluala e de melloralala, porque xa teñen dado moitos pasos, posto en pé moitos servizos e moita experiencia como..., polo tanto, mesmo como xestores.

Recollían os representantes do Foro de Vida Independente, cando facían traslado dalgunhas destas ideas de proxecto piloto, recollían unhas fermosas palabras de Virxilio na *Eneida*: “Puideron facelo todo porque pensaron que podían facelo todo”. Pois se eles pensan que poden facelo todo, seguramente o Goberno estará aí para apoialos e para facer posible que poidan facelo todo.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Barcón Sánchez.

A señora BARCÓN SÁNCHEZ: Sumámonos á proposta.

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, eu tamén sumarme, saudar, a todas estas persoas que están a seguir hoxe este debate; un debate no que eles deben de ser os verdadeiros protagonistas, e animalos tamén dende o noso grupo a seguir loitando por esa igualdade.

En relación á proposición non de lei que hoxe trae a debate o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, gustaríame facer unha serie de consideracións: en primeiro lugar, dicir que o noso grupo comparte a necesidade

de implantar na nosa comunidade un servizo de atención persoal e atención tecnolóxica para as persoas con diversidade funcional; unha necesidade social que é preciso atender para poder garantir unha vida independente, autónoma e en igualdade de dereitos e oportunidades que o resto dos cidadáns. Pero, ademais de compartir esta necesidade, temos que ter en conta neste debate que a propia Lei de dependencia é a que recolle este dereito á asistencia persoal, e son as propias comunidades autónomas as que teñen a obriga de facer efectivo este dereito, por suposto coa participación dos colectivos implicados.

Tendo en conta estas consideracións, dicir que dende o noso grupo estamos totalmente de acordo co obxectivo que persegue esta iniciativa presentada polo Bloque Nacionalista Galego, pero cremos que se pode mellorar o texto definitivo desta iniciativa. Pensamos que debería quedar reflexado un compromiso firme por parte deste Parlamento para axilizar a implantación deste servizo na nosa comunidade. Por iso presentamos unha emenda, unha emenda de modificación ao apartado primeiro, esperando acadar un acordo entre todos os grupos desta Cámara. A nosa emenda de modificación consiste en axilizar os mecanismos necesarios para a posta en marcha dun servizo de asistencia persoal e asistencia tecnolóxica para as persoas con diversidade funcional en Galicia. ¿E en que nos basamos para facer esta proposta de modificación? Pois nos basamos en que a data de presentación desta iniciativa é do 1 de decembro do 2006 e penso que temos que ter en conta a situación actual en relación á implantación da Lei da dependencia na nosa comunidade. En primeiro lugar, foi o 30 de novembro do ano pasado cando se aprobou a lei no Congreso dos Deputados, e a lei entra en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*, que foi o 16 de decembro de 2006.

Establécese que a efectividade do dereito, as prestacións por dependencia, será a partir do 1 de xaneiro deste mesmo ano. Pero, ¿cal é a realidade que nos atopamos nestes intres? Pois a realidade é que a día de hoxe, 14 de febreiro de 2007, este non é un dereito efectivo nin en Galicia nin no resto do Estado. A día de hoxe o proceso de implantación da lei avanza a un ritmo moi, moi lento; a día de hoxe aínda queda moito por definir, cuestións fundamentais que aínda están por definir. Temos que ter en conta que o primeiro paso para aplicar a lei é determinar o nivel de dependencia das persoas que soliciten ser beneficiarias das prestacións sociais, económi-

cas, contempladas na mesma. E corresponde ás comunidades autónomas levar a cabo esta valoración. E segundo o vicepresidente da Xunta, como moi temperá, os primeiros análises se realizarán a finais do mes de marzo, aínda que a data límite que a Vicepresidencia propón para comezar coas valoracións será o mes de xuño. Ademais de encargarse destas valoracións, as comunidades teñen que colaborar co Estado na financiación do Sistema Nacional da Dependencia, ao que haberá que engadir os pagos que algúns dos usuarios terán que aboar por determinados servizos. Na actualidade non sabemos aínda nin canto vai a ter que aportar a nosa comunidade nin canto van a ter que aportar os usuarios.

Por outra banda, á hora de avaliar a capacidade económica das persoas en relación ao copago, dende logo, desde o noso grupo, pensamos que é necesario ter en conta tamén os gastos que soportan.

Pensamos tamén que a día de hoxe a figura do asistente persoal aínda non está regulada e, como consecuencia, neste momento non é posible contratar persoas con esta categoría laboral.

Son moitas as dúbidas, son moitas..., é moitísima a falla de información da cidadanía en xeral do que supón esta Lei de dependencia ou cando se vai a aplicar, e sobre todo é moita a lentitude con que se está a levar este proceso.

Para nós é necesario acelerar a implantación desta lei, para nós é necesario acelerar o proceso. Temos que facer un esforzo para a posta en marcha, para axilizar esta posta en marcha da implantación da Lei de dependencia na nosa comunidade. Temos que facer efectivos os dereitos recollidos na mesma, porque cada día que pasa sen que esta lei se faga efectiva son días de retraso para tantas e tantas persoas que teñen postas as súas esperanzas nesta lei. É necesario que tanto o Goberno como a Xunta de Galicia se poñan as pilas para axilizar este proceso, porque é necesario. Por iso temos que facer un esforzo entre todos para asegurar que o servizo de atención, a asistencia persoal e a asistencia tecnolóxica sexa unha realidade canto antes. Neste senso, dende logo, poden contar co apoio do Grupo Parlamentario Popular e por iso esperamos chegar a un acordo e que se teña en conta e en consideración a nosa emenda de modificación, e nese sento espero que cheguemos, dende logo neste recesso, a un acordo.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Ten agora a palabra, para posicionarse sobre as emendas presentadas, a autora da proposición non de lei, a señora Riobó Dios.

A señora RIOBÓ DIOS: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, hoxe é un día moi especial, un día moi especial para min e para moitas persoas polo que esta iniciativa supón de importancia para o benestar de moitas persoas, para o benestar e a calidade de vida que vai a supoñer para moitas persoas no noso país; polo tanto, eu non vou a entrar nas consideracións que fai a señora Rodríguez, non vou a entrar, pero si quixera dar unha pincelada porque me parece que a estas alturas que o Partido Popular fale das consideracións baseadas na lentitude do proceso que está en marcha me parece que todo o que leva feito o Goberno do Estado coa posta en marcha da Lei de dependencia, co que esto supón para as persoas con discapacidades funcionais que levan reclamando unha atención por parte do Goberno dende hai moito tempo, coas medidas que ten en marcha o Goberno galego para atender as demandas que estes colectivos levan demandando desde hai moito tempo e que o Goberno do Partido Popular non foi quen de atender, me parece que a lentitude da posta en marcha destas medidas caeu un pouco polo seu propio pé. E eu me preguntaría se a señora Rodríguez está enterada de se esa lentitude ten algo que ver coa actitude do Partido Popular na formalización dese órgano que vai a poñer en proceso a lei. Entérese vostede e dígalles que axilicen eles o proceso, porque son moi reacios a levalo adiante.

Existen no noso país un número significativo de persoas con diferentes tipos e graos de diversidade funcional. Segundo datos oficiais da enquisa sobre discapacidades, deficiencias e estados de saúde, hai 272.190 persoas residentes en Galiza con algún tipo de diversidade funcional, rexistrándose unha taxa algo superior á media do conxunto do Estado. No noso país a poboación con diversidade funcional severa, con necesidade de asistencia, ascende a 22.362 persoas en idade laboral. Este conxunto reúne a 10.030 persoas con diversidade funcional física, 9.124 persoas con diversidade funcional psíquica e 3.208 persoas con diversidade funcio-

nal sensorial. As persoas con diversidade funcional, as súas familias e todo o conxunto de cidadáns deste país merecemos un compromiso político e institucional profundo cos seus dereitos. Estamos a ver cómo o Goberno galego está a pór en marcha iniciativas que permitan saírnos do déficit histórico que padecemos en materia de servizos sociais e asistencia social. A acción do Goberno está encamiñada á eliminación das barreiras e obstáculos sociais, económicos e físicos dunha sociedade que non ten integrado na medida precisa as necesidades e demandas das persoas con diversidade funcional.

Este Goberno asumiu o compromiso para promover a efectividade e plena eficacia dos dereitos e obrigas de todas as persoas con diversidade funcional, promover e garantir a súa autonomía persoal nos ámbitos que afectan á súa calidade de vida, á súa igualdade de oportunidades e á súa incorporación e participación plena na sociedade. Estamos seguros que esta nova iniciativa vai significar un novo recurso e vai supoñer un avance importante para unha vida independente das persoas con diversidade funcional.

Se ben é certo que no programa do Bloque Nacionalista Galego unha das medidas a levar a cabo nas políticas de atención ás persoas con discapacidade era a de implantar un sistema de asistencia persoal, quixera agradecer antes de rematar ao grupo de persoas con diversidade funcional que se rexen baixo os principios de actuación do modelo de vida independente a súa colaboración e o seu impulso para levar adiante esta iniciativa.

Dende o Bloque Nacionalista Galego esperamos contar co apoio dos demais grupos para que esta proposición non de lei se aprobe por unanimidade. Como hai unha emenda apresentada, e co ánimo de conseguir ese consenso, pediríalle á señora presidenta uns minutos para poder consensuar o texto coas demais portavoces.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Riobó.

Suspendemos uns segundos o pleno para que vostedes poidan chegar a un acordo.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Reanudamos a sesión.

Denlle voz, por favor, os servicios da Cámara no escaño da señora Riobó.

A señora RIOBÓ DIOS: Ben, chegamos a un acordo, señora presidenta.

Nós consideramos de gran importancia esta iniciativa e, polo tanto, a redacción queda como sigue; cada quen que acade as conclusións que queira:

“Crear un programa piloto no ano 2007 que permita implantar un servizo de asistencia persoal e asistencia tecnolóxica de xeito progresivo ás persoas con diversidade funcional de ámbito galego.

Iniciar o proceso coa participación dos colectivos implicados e que se rexen baixo os principios de actuación do modelo de vida independente e habilitar as partidas necesarias para levar a cabo este proxecto.”

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

E lles prego que logo lle pasen por escrito aos servizos da Cámara o texto transaccionado.

Proposición non de lei dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e Popular de Galicia, sobre o porto seco de Monforte de Lemos como proxecto estratéxico para as administracións estatal e galega, nomeadamente para Portos do Estado

A señora PRESIDENTA: Pasamos agora ao debate da Proposición non de lei, por iniciativa conxunta dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e do Grupo Popular de Galicia, sobre o porto seco de Monforte de Lemos como proxecto estratéxico para as administracións estatal e galega, nomeadamente para Portos do Estado.

A esta proposición non de lei é conxunta e non se lle presentou ningunha emenda.

Para formular a proposición teñen a palabra, en primeiro lugar, a señora Vega Buxán, polo Bloque Nacionalista Galego.

A señora VEGA BUXÁN: Gracias, señora presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Descubrir Monforte como un lugar xeoestratéxicamente privilexiado para a loxística e as comunicacións é como descubrir que a terra siga arredor do sol. É certo que ás veces unha cousa tan obvia pode resultar incómoda para quen no seu momento tomou decisións contrarias á natureza das cousas, ou, se se prefiere, ao sentido común. Sabemos que, se a lóxica tivese prevalecido, Monforte seguiría sendo a principal vía de entrada e saída de Galicia á Meseta, polas mesmas razóns que fixeron desta cidade un importante nó de comunicación dende finais do século XIX ata case o remate do século XX.

Ter unha boa posición xeográfica, xunto cunha orografía que acompaña e facilita a obra pública de comunicación por vía terrestre, isto foi o que fixo de Monforte unha cidade de vangarda, símbolo de modernidade nos anos 20 do século pasado, e que nos anos 50 do mesmo século máis de 3.000 familias vivisen do ferrocarril que entraba dende a Meseta a Galicia por Monforte. Somos conscentes de que os tempos cambiaron e que xa non ocupa a mesma posición con respecto ao ferrocarril, apenas 200 familias viven hoxe desta actividade. Máis non nos resignamos a seguir perdendo posición, a negar o noso futuro, porque o potencial segue a estar aí e as infraestruturas feitas seguen a lembrárnolo. Porque levamos demasiados anos resignados perdendo posicións, sufrindo unha reconversión brutal silenciada pola emigración da nosa xente nova.

Todos os estudos coinciden en afirmar a fenda que se está a producir entre a Galiza da costa e a Galiza do interior. Constatamos o despoboamento do interior, que se agudiza nas zonas rurais; coincidimos, porque empeza a ser xa un lugar común, con que hai que vertebrar o interior creando riqueza para que se restableza o equilibrio entre as dúas Galizas e a xente poida vivir e traballar dignamente tamén terra adentro.

Por outro lado, existen unhas inversións en marcha que xeraron unha grande expectativa entre a poboación da